



Gaiteiros da igrexa de S. Francisco de Betanzos, s. XIV. Debuxos: Alfredo Erías

# Gaita: unha palabra e un instrumento máxicos

G. MARTÍN FERNÁNDEZ MACEIRAS\*

## Sumario

Gaita é unha palabra iberorromance usada para designar diversos instrumentos. Decote, acéptase que é un termo derivado de *gaits*, «cabra» en gótico, debido ó feito de que algunhas das súas pezas, o fol, en particular, facíase tradicionalmente con pel de cabra. Pero é suficiente esa razón?

## Abstract

*Gaita* is an Iberian Romance word used to designate various instruments. Usually, it has been accepted as a term derived from *gaits*, «goat» in Gothic, due to the fact that some of its parts, the bag, in particular, was traditionally made with goat skin. But is that reason enough?

**E**n Galicia, a gaita é un instrumento tan querido e tan coñecido que sería practicamente imposible encontrar alguén que non a coñeza ou que nunca oíse o seu senlleiro e máxico son. Pero non escribo este artigo coa intención de louvar este instrumento tan galego, senón de afondar un pouco na etimoloxía da palabra empregada para sinalalo: *gaita*.

Vou comezar coa etimoloxía proposta polo filólogo e etimólogo catalán, Joan Corominas. Na súa proposta etimolóxica para este termo, Corominas di que a palabra *gaita* podería derivar do termo gótico *gaits*, ‘cabra’, xa que o fol do instrumento adoitaba estar feito da pel do devandito animal. Esta etimoloxía proposta por Corominas podémola ver claramente reflectida no *Diccionario de la Real Academia Española*<sup>1</sup>:

*gaita* - Quizá del gót. *gaits* ‘cabra’. 1. f. Instrumento musical de viento parecido a una flauta o chirimía de unos 40 cm de largo.

Compre dicir que a forma fonética das palabras *gaita* e *gaits* son tan próximas que mesmo se podería dar por feito que se trata da mesma palabra. Sobre os significados destes dous vocábulos, aceptando o feito de que tódalas gaitas teñen o fol, ou algún outro compoñente, feito de pel de cabra, ou mesmo dun oso dese animal, poderíase afirmar que están directamente relacionados. Pero, como imos comprobar, non é este o caso.

Como vimos no DRAE, a primeira acepción da palabra *gaita* é ‘instrumento musical de vento parecido a unha frauta ou chirimía duns 40 centímetros de lonxitude’. Debemos ter en conta que as frautas ou chirimías non teñen unha bolsa na que conter o aire e son anteriores á gaita de fol. Isto pódese apreciar perfectamente no feito de que o punteiro dunha gaita de fol e unha frauta ou chirimía son practicamente o mesmo instrumento. Isto lévame a pensar que a proposta etimolóxica de Joan Corominas pode non ser acertada.

\* **G. Martín Fernández Maceiras**, coruñés, é traductor de inglés, gaélico, galego e castelán de moitas películas, documentais e libros. É fundador e director do Proxecto Gaelaico. Foi, ademais, socio fundador e director das primeiras discográficas galegas: Ruada e Cítola.

A acepción de ‘gaita gallega’ recollida no DRAE di o seguinte:

1. f. Instrumento musical de vento formado por una bolsa de cuero o fuelle que tiene acoplados tres tubos: el soplete, el puntero y el roncón.

Este tipo de gaita si ten unha bolsa de coiro, ou fol, e aínda que é coñecida como gaita galega, a gaita de fol non é exclusiva de Galicia, xa que tamén é un instrumento tradicional en distintas zonas da Península Ibérica como Portugal, Asturias, León, Cantabria, Salamanca, Aragón, Cataluña, etc., así como tamén en Irlanda e en Escocia, onde a gaita de fol é o instrumento tradicional por excelencia, igual que en Galicia.

### **Tipos de gaita**

Deseguido, outros instrumentos de vento coñecidos como *gaita* en diferentes partes da Península Ibérica, así como en Colombia e en Brasil:

*Gaita gastoreña*: A gaita gastoreña é un instrumento de vento de lingüeta simple, propio do concello de El Gator, Cádiz, Andalucía. Ten unha lingüeta simple, un tubo sonoro de madeira furado na súa parte superior e inferior y un pavillón de resonancia que consiste nun corno.

*Gaita serrana ou albugu*: O albugue, alboka en éuscaro, é un instrumento de vento feito cun tubo de madeira con dúas pezas de corno, a máis grande serve para amplificar o son e a pequena serve para poñer no seu interior una cana á que se lle fixo unha incisión para convertela no órgano de son como lingüeta simple. No tubo de madeira ten varios buracos, decote ten tres na parte superior e un na inferior.

*Gaita charra*: É un dos instrumentos tradicionais de Salamanca. Ó longo do tempo, esta frauta de orixe pastoril construíuse cos materiais máis diversos, desde madeira de carballo (a máis utilizada na actualidade) ata outras moi brandas ou coa cerna oca como a da figueira, da adelfa ou do bieiteiro, e mesmo con óso de á de voitre.

*Gaita ou dulzaina*: A dulzaina é un instrumento de vento de lingüeta dobre pertencente á familia do óboe. Ten un tubo cónico duns tinta centímetros de lonxitude no que hai 7 furados. Este instrumento é típico da música tradicional española. En distintos lugares recibe tamén o nome de *gaita* en castelán e as súas variantes noutras linguas.

*Gaita navarra*: A gaita navarra é un instrumento de vento da familia da madeira. Dentro de esta familia, encóntranse a gaita aragonesa e a gralla catalá, entre outras. Ten dobre lingüeta. Este tipo de instrumentos produce son grazas á vibración producida nas dúas lingüetas que contén o soprete ó facer pasar o aire por elas.

*Gaita-de-beiços*<sup>2</sup>: [Música] Instrumento de sopro com palhetas metálicas de vários tamanhos que produzem uma escala musical. (Harmónica ou filharmónica en galego)

*Gaita*<sup>3</sup>:

1. [Música] Pequeno instrumento de sopro, semelhante à flauta e de som agudo.

4. [Regionalismo] [Música] Instrumento composto de palhetas metálicas que entram em vibração por meio de um fole. = acordeão

*Gaita colombiana*: A gaita colombiana ou kuisi é un instrumento musical de vento de orixe indíxena tradicional da costa caribeña colombiana. Úsase en diferentes ritmos musicais coñecidos como ‘música de gaita’. É unha especie de frauta á que se lle fai unha fenda nun dos seus extremos na que se insire un apéndice cilíndrico, xeralmente, a base dunha pluma de pato, a maneira de canle e de soprete con entre 3 e 6 orificios na parte baixa do tubo.

Aínda que é posible que algúns dos mencionados instrumentos de vento sen bolsa na que reter o aire puidesen estar fabricados con corno de cabra, está claro que, tradicionalmente, non é así. De feito, algúns dos devanditos instrumentos están feitos con corno de vaca, e outros máis modernos, como o acordeón (gaita) ou a harmónica (gaita-de-beiços), non teñen relación ningunha coa pel nin cos cornos de cabra.

Mesmo admitindo que, tradicionalmente, a bolsa da gaita de fol se fixese con pel de cabra e que algúns destes instrumentos de vento puidesen estar feitos de corno de cabra, a única cousa que teñen todos eles en común é que son instrumentos de vento, xa sexan feitos íntegra ou parcialmente de madeira, de metal de corno ou coa pel dalgún animal. De feito, en varias repúblicas da Rusia central, son tradicionais algúns tipos de gaitas cos foles feitos de vexigas de vaca ou de cabalo<sup>4</sup>.

### Gaida

Moitos autores fanse eco dunha hipótese segundo a cal, a palabra *gaida*, empregada en diversos países do sueste de Europa para denominar a gaita de fol, significa ‘cabra’ en tódalas linguas faladas neses países<sup>5</sup>: *gajde* en albanés, *gaidã* en arromanés, *gayda* en búlgaro, *gáida* en grego, *gayda* en macedonio, *gajde* en serbocroata, *gajdy* en eslovaco e *gayda* en turco.

De ser así, tendo en conta que as formas fonéticas e os significados, *gaita* e ‘cabra’, serían case exactos en todas estas linguas, parecería case imposible que a etimoloxía do nome da gaita de fol non estivese relacionada co nome da cabra en gótico, *gait*, e, ó parecer, co nome da cabra en tódalas linguas mencionadas no parágrafo anterior. E máis aínda ó termos presente a proposta etimolóxica de Joan Corominas.

Entre estas linguas, hainas que son linguas romances orientais como o arromanés, linguas eslavas meridionais como o búlgaro, o macedonio, o grego, que é unha lingua viva cunha historia documentada ó longo de 34 séculos, o serbocroata, que é unha lingua eslava, o eslovaco, unha lingua eslava occidental, e o turco, que é unha lingua altaica.

Resulta curioso que case ningunha das palabras empregadas para denominar a gaita de fol nestas linguas modernas signifique ‘cabra’. En búlgaro, en eslovaco e en macedonio, «cabra» dise *koza*; en grego dise *gída*; en albanés dise *dhi*; en turco dise *keçi* e en croata e en serbio dise *jarac*.

Como vemos, o grego é a lingua na que as palabras para denominar a gaita de fol e a cabra son máis parecidas: *gayda* e *gída*, respectivamente. Tendo en conta tanto que se trata de linguas indoeuropeas como que están situadas nunha zona xeográfica moi próxima, podemos pensar que, senón todas, algunhas poden derivar doutra lingua indoeuropea anterior, como a grega, ou mesmo como a lingua tracia, unha lingua extinta debido a que a maioría dos tracios foron helenizados ou romanizados. Como vemos, seguimos na mesma rexión e con linguas indoeuropeas entre as que houbo moitos intercambios e influencias lingüísticas. Unha zona que tamén é coñecida polos asentamentos celtas na rexión ó longo de diversos períodos.

A música de Tracia ten unha historia escrita que se remonta á antigüidade, cando Orfeo se converteu nun músico lendario e vivía preto do Olimpo. A *gaida*, unha especie de gaita de fol, era o seu instrumento máis característico. A *gaida* tracia tamén era coñecida como *avlos* e aínda se usa amplamente por toda Tracia e máis no nordés de Grecia. Compre salientar que seguimos na mesma zona xeográfica e con linguas entre as que houbo unha clara interacción xa desde a antigüidade.

**\*ghaid-o-, \*gaito, gaits, Geiß, geiz, geit, gheet, gjed, geit, get, gat, goat**

Dado que o gótico é unha lingua xermánica, paso agora á orixe aceptada tradicionalmente para os termos xermánicos con significados relacionados con ‘cabra’ derivados da mesma raíz<sup>6</sup>:

Da raíz PIE \*ghaid-o-, ‘cabuxo’, deriva o protoxermánico \*gaito, que é a orixe do saxón antigo *get*, do nórdico antigo *geit*, do danés *gjed*, do holandés medio *gheet*, do holandés *geit*, do alto alemán antigo *geiz*, do alemán *Geiß*, do gótico *gaits*, do inglés antigo *gat* e do inglés moderno *goat*, ‘cabra’. Hai outras linguas xermánicas que teñen termos directamente relacionados con estes derivados da raíz protoxermánica \*gaito<sup>7</sup>. É posible, mesmo probable, que a raíz PIE \*ghaid-o- sexa tamén a orixe da palabra *gída*, ‘cabra’ en grego.

A orixe das palabras empregadas como nome da gaita de fol nas linguas do sueste de Europa mencionadas anteriormente déixoa para máis adiante, sen esquecer nunca que todas esas linguas se falan, ou se falaron, nunha rexión moi coñecida pola presenza histórica de diversos pobos celtas.

Compre dicir tamén que, como imos ver, as palabras empregadas nas diversas linguas xermánicas para designar as gaitas de fol non teñen relación coas palabras derivadas da raíz protoxermánica \*gaito, ‘cabra’.

En inglés coñécese como *bagpipes*; en alemán como *Dudelsäcke aus Baghdad*; en danés como *posestykke fra bagdad*; en holandés como *doedelzak uit bagdad*; en islandés como *pokapípur frá Bagdad*; en noruegués como *sekkepipe fra bagdad* e en sueco como *påsar från bagdad*.

Como vemos, todos estes termos compostos conteñen un derivado da palabra *baggi*<sup>8</sup>, ‘paquete, paca, fardo’ en nórdico antigo, ou dunha palabra escandinava similar. O termo *bage*, en francés antigo, tamén ten orixe xermánica. Estes derivados de *baggi* úsanse en referencia á bolsa ou fol da gaita.

**Instrumentos de vento coñecidos como gaita – Vento: gáith, \*gaito-, gaoth**

Tódolos instrumentos mencionados ata agora neste artigo teñen unha soa cousa en común, tanto os que teñen bolsa para o aire, como os que non a teñen, e ese elemento común en todos eles é o vento, xa que todos son instrumentos de vento. (Véxase **Tipos de gaita** neste artigo). Parece razoable pensar que soamente os que teñen fol poden ter, ou puideron ter, algunha parte feita de pel de cabra.

Para que dúas ou máis palabras de diferentes linguas estean relacionadas etimoloxicamente, teñen que darse, forzosamente, estas dúas condicións: Primeira, que teñan formas fonéticas semellantes, e segunda, que teñan significados directamente relacionados. É evidente que canto máis claras sexan estas condicións, máis próximo será o parentesco entre as palabras.

O feito de que o fol da gaita só se faga de pel de cabra nalgunhas zonas, e non sempre, xa que na zona dos Balcáns tamén se fai de pel de ovella, e mailo feito de que nos países de fala xermánica non se empregue ningún derivado da raíz protoxermánica \*gaito, ‘cabra’, en referencia ás gaitas de fol, xunto co feito, quizais de maior importancia, de que na Península Ibérica se empregue o termo *gaita* para denominar diversos instrumentos de vento, levoume a procurar unha raíz de forma fonética semellante a \*gaito, *gaits*, *goat*, etc., con significados relacionados co vento, xa que así se darían as dúas devanditas máximas: 1. Formas fonéticas semellantes. 2. Significados directamente relacionados.

Observemos tamén que nas linguas xermánicas non existen termos relacionados co

vento, ou coa música e os instrumentos de vento, con formas fonéticas semellantes ás de *gaita*, *gaida*, etc.

### Linguas gaélicas: *gaeth*, *gaíth*, *gaoth* = vento.

Despois de dedicar uns quince anos da miña vida á analizar e comparar as linguas goidélicas ou gaélicas coas linguas iberorromances e, en particular, coa lingua galega, sei de primeira man que procurar a orixe etimolóxica de vocábulos galegos nas linguas que hoxe soamente se falan en Irlanda, en Escocia e na Illa de Man, adoita dar moi bos resultados.

Para comezar, un dato que, aínda que non é concluínte, pode espertar a intuición latente nos galegos para todo o relacionado cos celtas e, máis concretamente, con Irlanda e Escocia. En gaélico irlandés moderno, *ionstraim gaoithe* significa ‘instrumento de vento’. A palabra *gaoithe* é o xenitivo do substantivo *gaoth*, ‘vento’, palabra da que se conservan dúas formas en gaélico irlandés antigo e medio: *gaeth* e *gaíth*, co mesmo significado, ‘vento’.

Como vemos, as formas fonéticas son moi semellantes ás de *\*gaito*, *gaits*, *gaita*, *gaida*, etc., pero cun valor engadido moi importante, e é que ‘vento’ é o único significado que encaixa á perfección con tódolos instrumentos mencionados ata agora, tanto coas gaitas de fol de Turquía e de toda a rexión balcánica, como cos diversos instrumentos coñecidos como *gaita* na Península Ibérica, así como en Brasil e en Colombia.

Na súa obra *An Etymological Dictionary of the Gaelic Language* (1896), o filólogo escocés Alexander McBain, Alasdair MacGilleBhàin en gaélico escocés, di o seguinte sobre a orixe etimolóxica da palabra *gaoth*:

*gaoth* - vento, igual en irlandés; en irlandés medio *gaeth*, *goeth*; en irlandés antigo *gaíth*: *\*gaito-*, da raíz *gai*; indoeuropeo *ghai*, *ghei*, *ghi*, ‘empuxe’, ‘enerxía’, ‘tormenta’, como *geamhradh* en gaélico escocés.

Xa en tempos máis recentes, encontramos outra proposta etimolóxica para a palabra gaélica *gaoth*<sup>9</sup>, ‘vento’: do gaélico irlandés medio, *gáeth*, do gaélico irlandés antigo *gaíth*, do protocelta *\*gaytâ*. Como vemos, nesta ocasión, coinciden tanto as formas fonéticas como o significado, xa que debemos ter presente que tódolos instrumentos coñecidos como *gaita*, *gaida*, etc., son instrumentos de vento malia estaren feitos de madeira, de metal, de coiro, etc.

No Dicionário da Língua Galega<sup>10</sup> de Isaac Alonso Estravís, encontramos as seguintes acepcións da palabra galega *gaita*:

1. Instrumento musical de sopro formado por un tubo modulante con palleta e varios orificios.
2. Pífano, especie de flauta de madeira de pequeno tamaño e son agudo.
3. Calquer pequeno instrumento de madeira ou metal que se toca soprando.
4. Instrumento músico de sopro chamado *gaita* galega ou *gaita* de foles, que consta de un odre (o fole) de coiro, forrado de terciopelo, no que se reserva o ar e catro aberturas nas que encaixan uns tubos de madeira torneada, providos de palletas, polos que entra ou sai o ar (o ponteiro, o roncón e o soprete); algunhas gaitas levan tamén outros dous tubos máis (o ronquillo e a ronqueta).

Coa excepción da *gaita* galega, estas acepcións especifican claramente que unha *gaita* é un instrumento de vento ou de sopro, sen bolsa ou fol para reservar o ar, e que adoitan estar feitas de madeira ou de metal.

De tódolos xeitos, convén seguir investigando coa intención de encontrar outras evidencias que axuden a reforzar a miña proposta etimolóxica, *\*gaytâ* > *gaoth* / *gaita*.

### **Gaoth, gaota, gaotaire, gaotaireacht, gaotalach – gaitero, gaitear**

A palabra gaélico irlandesa moderna, *gaoth*, significa vento. Como vemos, o grupo consonántico final, *-th*, parece indicar a lenición dun *t*, o *t* sen lenición presente na palabra protocelta *\*gaytâ* e que aínda se conserva nalgunhas palabras das linguas gaélicas modernas como *gaota*, ‘respiradoiro, lugar polo que entra aire (vento)’ e tamén ‘falanguero, persoa que fala moito’. Isto enténdese mellor en inglés, xa que *gaota* se traduce como *windbag*, ‘falanguero’, e é unha palabra composta por *wind*, ‘vento’ e *bag*, ‘bolsa’, literalmente ‘bolsa de vento’, ‘fol’.

Outra das palabras gaélico-irlandesas que conservan ese *t* sen lenición que vemos en *\*gaytâ* e en *gaita*, é *gaotaire*, co mesmo significado ca *gaota* e tamén o de ‘grandilocuente’, ‘falador’. Tamén teñen o *t* sen lenición *gaotaireacht*, e *gaotalach*, esta última co significado de ‘vento tempestuoso’.

Para comezar as comparanzas con palabras do léxico galego, o verbo galego *gaitear*, ‘asubiar o vento’, ten unha forma fonética semellante ás de *gaotalach* e, xa en gaélico irlandés moderno, *gaothach*, *gaothar* en gaélico escocés, co significado ‘ventoso’, igual cá palabra gaélico-irlandesa *gaoitíil*<sup>11</sup> que significa ‘ventoso’ e ‘falador’, ‘latriqueiro’.

Son os primeiros exemplos de que neste artigo non analizo soamente o nome dos diversos instrumentos de vento, senón que uso palabras dos léxicos galego e gaélico puramente relacionadas co vento, co ruído que este fai e, como imos ver deseguido, cun significado por extensión, relacionado coa forma de falar, como o da palabra *gaotaire*, ‘grandilocuente’, ‘falador’, ‘latriqueiro’, cunha forma fonética moi parecida á da palabra galega *gaitero* que, ademais, de significar ‘persoa que toca a gaita’, ten como segunda acepción ‘persoa alegre e algo atolada’.

Esta relación vese claramente no exemplo que aparece no dicionario da Real Academia galega: *Non hai quen ature a ese vello gaitero, cala xa!* O feito de mandalo calar ilustra claramente. Tamén se pode apreciar na forma feminina, *gaitera*, que significa ‘muller do gaitero’, ‘muller que toca a gaita’ e ‘vella alegre, tarabela<sup>12</sup>’, exemplificado coa frase seguinte: *Se a vella é gaitera, que fará a moza solteira?*

E tamén se aprecia en dúas expresións galegas de uso cotián recollidas no dicionario de Isaac Alonso Estravís despois das distintas acepcións da palabra *gaita*<sup>13</sup>: *Temperar gaitas* – usar de lisonxas ou afagos para desenfadar alguén. *Vir con gaitas* – vir con cousas que non convencen, ou con cousas insubstanciais e de nulo interese. Así como na acepción doutra palabra galega no mesmo dicionario: 3. Gaitada - Fig. Necidade, conversa insulsa que causa aborrecimento ou enfado.

### **Gaothaiche, gaothaire, gaoithean - gaita**

En gaélico escocés, a palabra *gaothaiche*<sup>14</sup> ten estes significados: 1. Cana ou xunco oco e aberto. 2. Lingüeta do bordón da gaita de fol. 3. Lingüeta do punteiro da gaita de fol. 4. Boquilla ou soprete da gaita de fol.

Tamén en gaélico escocés, a palabra *gaothaire*<sup>15</sup> ten estes significados: 1. Boquilla ou soprete da gaita de fol. Conduto (de aire ou ventilación). 3. Vapor. 4. Falador vaidoso, con aires ou fumes. E a palabra *gaoithean*<sup>16</sup>, ‘xactancioso, persoa exaltada, atordada ou superficial’; ‘latriqueiro, falador’. O verbo gaélico-escocés *gaothaich* significa ‘inflar’, e *gaothar* significa ‘acto de inflar ou de soprar’.

Como podemos apreciar, as palabras gaélico-escocesas *gaothaiche*, *gaothaire* derivan da palabra *gaoth*, ‘vento’ e empréganse en referencia ás lingüetas ou palletas e máis ó

soprete da gaita de fol. É evidente que isto se debe ó feito de que o aire (vento) pasa a través das lingüetas e do soprete dos tubos da gaita. De feito, a primeira acepción do termo *gaothaiche* é ‘cana ou xunco oco e aberto’, é algo que debemos ter en conta, xa que se ve reflectido na expresión galega ‘non estar o alcacén para gaitas’. Teñamos presente que é co talo ou cana do alcacén co que os nenos fan gaitas.

As seguintes acepcións da palabra galega *alcacén*<sup>17</sup> explícanlo claramente:

1. Alcacer, cebada, centeno o avena que se siega en verde para forraje. 2. Centeno que se siembra en agosto para dar al ganado en inverno. 3. Con un trozo pequeno de la paja del alcacén todavía verde, los muchachos aldeanos de Galicia tienen la costumbre de hacer unas gaitas sencillísimas, dándoles un corte oblicuo, para que formen como una lengüeta o palleta que hacen vibrar introduciéndola por la cortadura en la boca y soplando. Estas gaitas llámense porretas en algunas comarcas gallegas, sin duda por onomatopeya del sonido que producen.

Isto dinos claramente que, para os galegos, un talo verde de alcacén é unha *gaita* ou unha lingüeta ou palleta. Lembremos unha vez máis os significados da palabra gaélico escocesa *gaothaiche*: 1. Cana ou xunco oco e aberto. 2. Lingüeta do bordón da gaita de fol. 3. Lingüeta do punteiro da gaita de fol. 4. Boquilla ou soprete da gaita de fol.

### **Píb: ‘fruta’ – Pipo/pipa: ‘fruta’, ‘gaita’**

En gaélico irlandés, a fruta e o asubío coñécense como *píb* e a gaita de fol coñécese como *píb mhála*, co significado de ‘gaita’, literalmente: *píb* - f. 1. Música: Gaita, fruta, asubío. *Píb (mhála)*, gaita de fol. Polo xeral, acéptase que a palabra gaélico irlandesa *píb* e maila súa variante *pìob*, en gaélico escocés, son préstamos doutra lingua, do latín medieval. Vémolo no seguinte dicionario etimolóxico:

*pìob* – fruta, gaita, instrumento musical. En irlandés *pìob*, en irlandés medio, *píp*, pl. *pipai* (Lib. Leinster), (música) fruta, gaita; do latín medieval *pipa*, de aí o anglosaxón *pipe*, o inglés *pipe*, o alemán *pfeife* e o nórdico *pipa*. O galés, o córnico e o bretón teñen *pib*, ‘fruta’, ‘gaita’, tamén collidas como préstamo do latín medieval.<sup>18</sup>:

*pìob* – fruta, gaita, instrumento musical. En irlandés *pìob*, en irlandés medio, *píp*, pl. *pipai* (Lib. Leinster), (música) fruta, gaita; do latín medieval *pipa*, de aí o anglosaxón *pipe*, o inglés *pipe*, o alemán *pfeife* e o nórdico *pipa*. O galés, o córnico e o bretón teñen *pib*, ‘fruta’, ‘gaita’, tamén collidas como préstamo do latín medieval.

En galés moderno, *pibell* significa ‘fruta’, ‘tubo’, ‘mangueira’ e ‘conduto’; e *pib* significa ‘fruta’, ‘tubo’ e ‘diarrea’. Nesta última acepción apréciase claramente o significado estendido. A única diferenza con respecto á lingua córnica é que se escribe *pibel* en lugar de *pibell*. Todas estas palabras celtas considéranse préstamos do latín medieval, *pipa*, de *pipare*, ‘chiar’, en latín clásico.

Pasamos agora á lingua galega e vemos as seguintes acepcións da palabra *pibela*<sup>19</sup>:

1. Labia, locuacidad, verbosidad. Facundia. Abundancia. Facilidad en el decir. 2. Lengüeta del punteiro de la gaita gallega.

A palabra galega *pibela* ten o mesmo significado cá palabra *gaothaiche* en gaélico escocés, ‘lingüeta do punteiro da gaita galega’ e tamén cá palabra *gaothaire*, ‘boquilla ou soprete da gaita de fol’ e máis ‘falador vaidoso, con aires de grandeza’, pero *pibela* deriva dunha raíz diferente, aínda que é a mesma cá das palabras celtas *píb*, *pìob*, *pib*, *pibell*, *pibel* e *pibau*. Esta última, *pibau*, significa ‘gaita de fol’ en galés.

Ó comparármolas formas fonéticas, é evidente que *pibell*, *pibel* e *pibela* seguiron a mesma ruta evolutiva a partir do latín medieval, mantendo significados directamente relacionados. Tamén existe a posibilidade de que a palabra galega sexa un derivado do latín medieval *pipa*, de *pipare*, pero en galego debería ter un *p* como *pipa*, *pipote*, etc. e non un *b* como *píb*, *pibel*, etc. E, ademais, o significado de *pibela* está directamente relacionado coa *gaita*.

Gaélico irlandés / Gaélico escocés *píb mhala / pìob mhala* ‘gaita de fol’.

Galés	<i>pibell</i>	‘gaita’
Córnico	<i>pibel</i>	‘gaita’
Galés	<i>pibau</i>	‘gaita de fol’
Galego	<i>pibela</i>	‘lingüeta do punteiro’
Gaélico escocés	<i>gaothaiche</i>	‘lingüeta do punteiro’
Galego	<i>gaita</i>	‘gaita / gaita de fol’.
Gaélico escocés	<i>gaothaiche</i>	‘punteiro’, ‘palleta do roncón’.

Nota: En gaélico escocés, *gaothaire* significa tamén ‘lingüeta’ ou ‘palleta’ sen especificar de que instrumento.

Como vemos, a relación entre estas palabras galegas, gaélicas, galesas e a córnica é evidente.

### **Pibela – gaotaire / gaothaiche. latriqueiro, ‘locuaz’**

Coa intención de demostrar que a relación que observamos entre a palabra galega *pibela* e algúns derivados da raíz gaélica *gaith / gáeth / gaoth*, do protocelta \**gayta*, non se limita ó instrumento de vento gaita e ás súas pezas, vemos estas acepcións da palabra *pibela*.<sup>20</sup>

*Pibela* s. f. : Labia, facundia, verbosidad y gracia en el hablar. Palabrería, afluencia de palabras generalmente inútiles. *Dar á pibela*, dar a la lengua, charlar para entretener el tiempo. *¡Qué pibela eres!* dícese al que tiene facundia para conversar con amenidad. *Tèn moita pibela*, dícese de la persona locuaz que cautiva con su charla.

E lembramos estas acepcións das palabras gaélico-irlandesas *gaota*, *gaotaire* e *gaotaireacht*<sup>21</sup>:

*gaota* m. – Latriqueiro.

*gaotaire* m. – Latriqueiro, locuaz, grandilocuente, falador.

*gaotaireacht* f. – (En referencia a falar) Aires, fumes; grandilocuencia, fachenda.

### **Pipa – pipo: ‘fruta’, ‘asubío’, ‘tubo’, ‘cano’**

*Pibela* non é a única palabra galega ou portuguesa derivada do latín medieval *pipa* relacionada coa música e máis concretamente coa gaita (con e sen fol) igual ca *píb* e *pìob* nas linguas gaélicas. Vemos uns exemplos:

*pipa*<sup>22</sup> – Silbato, sea de caña plomo u outra materia. *Pipa* - Especie de silbato que se hace con cañas verdes de trigo. *Pipar* - Producir sonidos con la pipa.

*pipa*<sup>23</sup> f. - Flauta que hacen los niños con la caña del centeno o trigo.

*pipa*<sup>24</sup> f. - 6. [Antigo] Flauta; gaita.



Outras palabras galegas derivadas da mesma raíz son *pipelo*<sup>25</sup> e *pipello*<sup>26</sup>, pero xa non están relacionadas coa música, senón con diversos tipos de tubos, igual cás palabras gaélicas que vemos deseguida:

*pipelo* - Pico con tubo o canalcillo por el que cae la lejía del depósito, al hacer la colada

*pipello* - Caño de la fuente o botijo para beber agua.

*piob-uisge*<sup>27</sup> – Tubo ou conduto de auga.

*pioban*<sup>28</sup> – Tubo pequeno.

Como vemos, a mesma raíz que chegou como préstamo do latín medieval ás linguas gaélicas tamén deu froito nas linguas iberorromances, en particular na lingua galega, con máis derivados como *pipote*, etc.

### **Gaothaich, gaothadh, gaotaireacht, gaitear, gaitar, gaiar, guaiar**

Despois de vermos todos estes significados de palabras gaélicas, galegas, portuguesas e castelás, voume centrar agora nos significados figurados ou por extensión doutras palabras gaélicas, galegas e portuguesas que axudarán a entender mellor a relación entre as linguas gaélicas e as linguas iberorromances, xa que, na miña opinión, todas teñen a mesma orixe:

*gaotaireacht*<sup>29</sup> – (Fig ou por ext.) ‘Flatulencia’, ‘fachenda’, ‘chorrear’, ‘saír aire’, ‘disparates, necidades’, ‘fanfurrñada’, ‘petulancia’.

*gaothmhorachd*<sup>30</sup> - (Fig. Ou por ext.) ‘Flatulencia’, ‘tormenta’, ‘calidade de ventoso, ventosidade’.

*gaitear* – ‘Silbar el viento, etc.’

*gaiar*<sup>31</sup> – ‘Llorar el viento’.

*gaitar*<sup>32</sup> – 1. [Portugal: Trás-os-Montes] Chorar, choramingar.

*gaiar*<sup>33</sup> – Queixar-se.

*guaiar*<sup>34</sup> – 1. [Antigo, Brasil] Soltar ais ou lamentos. 2. Queixar-se, lamentar-se.

Tres destes termos, o galego *gaiar* e os portugueses *gaiar* e *guaiar*, reflicten a pronuncia de *gaoth* nas linguas gaélicas modernas, /ge:h/ no dialecto irlandés de Munster e /gi:h/ nos dialectos de Connacht e Ulster. A pronuncia da palabra gaélico-escocesa *gaothaire* aproxímase moi ás de *gaiar* e *guaiar*.

En gaélico escocés existe un termo, *gaoid*<sup>35</sup>, que, aínda que MacBain o refire á raíz de *gaét*<sup>36</sup> / *gáetaid*, ‘ferida / acto de ferir ou cortar’, ten os seguintes significados: ‘falta, defecto (en particular no gando vacún)’ e ‘vento’, ‘refacho’, ‘flatulencia’. Este último significado parece estar en sintonía total cos dos derivados de \**gayta*, *gaíth*, *gaeth*, *gaoth*, e penso que o primeiro, ‘falta, defecto (en particular no gando)’, está directamente relacionado coa palabra galega *gaiteiro*<sup>37</sup> co seguinte significado, ‘buey o vaca que tiene los cuernos erguidos’. Que un boi ou unha vaca teñan os cornos erguidos considérase un defecto, unha falta ou anomalía.

Ata aquí, as miñas razóns para considerar que a palabra galega, portuguesa e castelá *gaita*, así como diversos termos dos léxicos destas linguas, teñen a súa orixe nas linguas gaélicas, ou mellor, na lingua gaélica / galaica que se falou en diversas zonas da Península Ibérica ata unha época aínda por determinar. Paso agora a outra parte da lingua que non se debe menosprezar en absoluto, a toponimia, sobre todo, tendo xa no léxico unha base que se pode considerar fiable.



Gaith Dobhair, Gweedore, Donegal, Irlanda.

### Gaith: ‘brazo de mar’, ‘esteiro’

Coa intención de reforzar todo o dito ata agora, vou comezar esta sección dedicada a topónimos galegos, portugueses e gaélicos derivados da raíz *gáeth / gaith* coa seguinte acepción da palabra gaélica *gaith*<sup>38</sup> - ‘ría, esteiro’. A palabra *gaith* deriva de *gáeth*, que en gaélico irlandés antigo significa ‘mar’, ‘rego’, ‘esteiro’. En gaélico escocés, en referencia ó marítimo, *gaith* significa ‘rego de pouca profundidade (en especial nun estuario)’, ‘marisma’.

### Gaith Dobhair > Gweedore

Para podermos entender o uso da palabra *gaith* na toponimia, vou explicar o significado do topónimo irlandés *Gaith Dobhair*, anglicanizado como *Gweedore*. É o nome dunha parroquia situada na costa atlántica do condado de Donegal, Irlanda, na que aínda hoxe se fala gaélico irlandés. Coñécese oficialmente polo seu nome gaélico, *Gaith Dobhair*, pronunciado /gi: do:rʲ/. É a maior parroquia de fala gaélica de Irlanda, cunha poboación aproximada de 4.000 habitantes.

*Gaith* fai referencia a unha ría (ou brazo de mar) na desembocadura do río Crolla, coñecida como *An Ghaith*, ‘a ría’. En gaélico, *dobhar*<sup>39/40</sup>, significa ‘mar’, ‘auga’, ‘torrente’, ‘rego’, ‘río’. *Gaith Dobhair* (*Gweedore*) tradúcese como ‘esteiro do río’, ‘ría (do río)’. *Gaith Dobhair* é unha zona da *Gaeltacht* onde o gaélico irlandés é a lingua máis falada, o que proporciona un vencello ininterrompido con milenios de historia e cultura irlandesas.

Na imaxe superior, collida de Google Earth, vemos a ría ou esteiro formado polo río, *Gweedore Bay*, e máis *Gweedore*. *Gweedore* ou *Gaith Dobhair* úsase en referencia a unha parroquia do mesmo nome, non a unha vila ou a unha aldea. As aldeas de Bunbeg, Derrybeg e outras son coñecidas colectivamente como *Gweedore*. A xente da zona considérase de *Gaith Dobhair*, e só cita Derrybeg, Bunbeg, etc., como enderezo postal.

Debemos ter en conta que *Gweedore* ou *Gaith Dobhair* é o nome dunha parroquia, unha ampla zona ó redor do esteiro, e que a vila do mesmo nome está situada río arriba, non moi lonxe. As pequenas illas, malia teren cadanseu nome, tamén son coñecidas como illas de *Gweedore* ou de *Gaith Dobhair*, pronunciado /gi: do:rʲ/.

### Guidoiro, illotes da Ría de Arousa - Catoira

En Galicia, na Ría de Arousa, hai dúas pequenas illas coñecidas como *Guidoiro Pedregoso* e *Guidoiro Areoso*. Entre elas está o Carreiro dos *Guidoiros*.

Na imaxe superior, tomada de Google Earth, vemos os illotes coñecidos como *Guidoiros* e maila canle coñecida como *Carreiro dos Guidoiros*, situados todos no medio da ría ou esteiro. Na imaxe seguinte, vemos que río arriba, non moi lonxe, está a vila e parroquia de *Catoira*, que tamén lle dá nome a toda a zona ou concello.

Tendo en conta as formas fonéticas de *Gaith Dobhair* (*Gweedore*) e de *Guidoiro*, así como a situación de ámbolos dous topónimos nunha ría ou esteiro, parece razoable pensar que *Guidoiro* é unha romanización de *Gaith Dobhair* igual que *Gweedore* é unha anglicanización do mesmo topónimo gaélico ou galaico.

Moi preto da boca do río Ulla, vemos a vila de *Catoira*. Dado que está localizada moi preto dos illotes do esteiro, igual ca *Gweedore* está dos illotes e da boca do río, *Catoira* podería moi ben ser outra versión romanizada de *Gaoth Dobhair*, os trocos de *c* por *g* e *t* por *d* non precisan maior explicación. E así temos:

*Gaoth Dobhair* > *Gweedore*

*Gaoth Dobhair* > *Guidoiro*

*Gaoth Dobhair* > *Catoira*

No *Guidoiro Areoso* aínda se poden ver as ruínas ou restos dalgúns dolmenes ou mámoas, tal como podemos apreciar nas seguintes fotografías:



Os *Guidoiros* e *Catoira*, Ría de Arousa.

### A *Gaiteira*: un esteiro na Coruña

Na cidade da Coruña, hai unha zona coñecida como *A Gaiteira*. Nesta zona xa case non queda nin rastro do río coñecido




Fotografías tomadas por *Alex Negreira*

Restos de antas ou mámoas no *Guidoiro Areoso*.



A Coruña no século XIX



A Coruña no ano 1931

Esteiro que da nome ó barrio da *Gaiteira*, A Coruña.

como Monelos, que hoxe en día discorre baixo terra ata chegar ó mar. Na seguinte imaxe, na esquerda, no mapa da Coruña do século XIX, podemos ver, rodeada cun círculo vermello, a boca do río ou esteiro localizado na zona coñecida como *A Gaiteira*. No mapa da dereita, vemos tamén a mesma área uns anos máis tarde, en 1931. O esteiro, situado na ría da Coruña, desapareceu baixo o recheo feito para a construción do peirao de San Diego, pero o río aínda se pode ver uns centos de metros antes de chegar ó mar.

Agora, debemos lembrar a palabra galega *gaita* e a súa relación cos termos \**gayta*, *gaíth*, *gáeth* e *gaoth* para entender que neste caso se trata de *Gaoth Dobhair* > *Gaiteira*.

### Cadoiro, Ézaro, O Pindo

Pero la más famosa cascata de Galicia, y de las principales del mundo, es la que hace el río Ézaro al despeñarse en la grande bahía de Finisterre, cuyo remate es la ría de Ce o Curcubión. El río Ézaro, aunque solo tendrá siete leguas de curso, va profundo, lleva mucha agua, y aún arrastra peñascos por lo muy precipitado que corre. Corre por lo alto de unas montañas, y como el mar está muchísimo más bajo, llegando el Ézaro a la falda del famoso Monte Pindo, desde allí se despeña enfrente de Finisterre, haciendo en su salto, ya cascata ya cascadas, según va más o menos crecido. (2631) El sitio del despeñadero, o caída, se llama en el país, o *cadoiro* (de cado, is). Mete un ruido terrible y levanta una nube que parece humo. He oído el ruido y estuve muy cerca del *cadoiro*, pero no me atreví a acercarme a verle, porque no tenía quien me guiase<sup>41</sup>.

Aínda que, posteriormente, pasou ós dicionarios galegos co significado de ‘fervenza’, ‘freixa’, ‘abanqueiro’, este texto de Martín Sarmiento permítenos intuír que, nesa época e anteriormente, a única ferverza que recibía o nome de *cadoiro* era a formada polo río Xallas ó saltar entre os penedos do Pindo, a uns centos de metros do mar, xa que, coa marea baixa, o río ten que percorrer uns centos de metros para chegar ó areal e ó mar. Posteriormente, o termo pasou ó léxico co significado de ‘fervenza’.

De feito, pódese comprobar perfectamente na seguinte imaxe, que o río Xallas ou Ézaro forma un esteiro, unha ría, que nos permite entender o topónimo galego *Cadoiro* como outra distorsión do topónimo gaélico / galaico *Gaoth Dobhair*. Danse tódolos requisitos, formas fonéticas e situación topográfica semellantes: *Gaoth Dobhair* > *Caedoiro*.

### Dobur – dubieira / dobhar, dohair – doira, duira, doiro, duiras

Para clarificar todo isto un pouco máis, vou facer outra pequena incursión no léxico gaélico e no léxico galego coa intención de demostrar que aínda quedan palabras galegas que conservan as formas fonéticas e os significados da palabra gaélica *dobhar*.

Vou comezar coa palabra *dobur*<sup>42</sup>, ‘auga’ en gaélico irlandés medio, da que deriva *dobhar*<sup>43</sup>, ‘auga’, ‘ría’, ‘torrente’ en gaélico irlandés moderno. Segundo Alexander MacBain, esta é a orixe da palabra *dobhar*<sup>44</sup>: *dobhar* – auga. En irlandés, *dobhar*; en irlandés medio, *dobur*. En galés *dwfr*; en córnico, *dofer*; en bretón, *dour*. Teñamos presentes os significados ‘auga’, ‘riada’ e ‘torrente’.

«En galego, *dubieira*<sup>45</sup> significa ‘torrentera’. Navia de Suarna. Voz que derivé, erradamente, de *diluvium*». En galego, *doira*<sup>46</sup> significa ‘arroyo, torrente, corriente de agua formada por las lluvias’. Tamén en galego, as palabras *doiro*<sup>47</sup>, *duira* e *duiro* son variantes, ou sinónimos, de *doira*. A palabra *doira*<sup>48</sup> significa, ademais, ‘fervenza’, ‘cascada’. *Duiras*<sup>49</sup>, en plural, significa ‘Riegos que corren de los montes cuando hay mucha lluvia’.

Unha vez vistos os significados e as formas fonéticas destes termos propios do léxico galego, parece razoable admitir o seguinte:

*dobur* > *dubieira*

*dobhar* (*dobhair*) > *doira* / *doiro* / *duira* / *duiro*

### **Doiro, o nome de río en galego-portugués medieval**

No Dicionario de Dicionarios do Galego Medieval vemos o seguinte: *Doiro*<sup>50</sup>: (Duriu): 1547. E tamén: *Doiro*<sup>51</sup>: Entre Doir'e Mynn' : 245.15, 267.15

Esta variación dialectal de pronuncia, apreciable na grafía alternativa *oi* por *ou*, tamén se pode ver noutras palabras galegas e portuguesas modernas: *doirar*<sup>52</sup>, 'dorar' e *dourar*, 'dorar'.



Cadoiro, Ézaro, ó pé do Pindo.

### **Gaoth Dobhair – Caia Doiro / Gaia Douro**

En Portugal, na marxe sur do río *Douro* oposta a *Porto*, hai unha cidade e concello coñecido como *Vilanova de Gaia*, ou simplemente como *Gaia*. É evidente que o topónimo Porto deriva do termo latino *portus*, 'porto'. Algúns autores afirman que o topónimo *Gaia* se debe a unha cidade chamada *Cale* que existiu baixo o Imperio Romano. Outros din que a orixe de *Cale* (ou *Gale*, xa que no latín clásico non sempre había unha distinción clara entre o *g* e o *c*: *Callaecia* / *Gallaecia*) é probablemente celta. Tamén hai quen di que *Cale* era o nome dunha colonia grega que posteriormente foi coñecida como *Portus Cale*, ou *Portus Galum* en latín. Suponse que un destes nomes é a orixe de Portugal, o nome moderno do país irmán.

Na páxina web <[www.ancientportsantiques.com/the-catalogue/spain-portugal/](http://www.ancientportsantiques.com/the-catalogue/spain-portugal/)>, encontramos que a entrada número 104 *Portus Galum*, *Portus Cale*, esteiro do *Douro*, considérase un porto antigo, pero mencionado unicamente por autores modernos. Dito doutro xeito, non é un porto antigo mencionado por autores antigos.

Sexa como sexa, despois de todo o que queda exposto neste artigo, creo que o nome da cidade portuguesa, *Gaia*, e o nome do río, *Douro* / *Doiro*, xunto coa situación da cidade, no esteiro do río, deberíanse analizar como un só topónimo, *Gaia Douro* ou *Gaia Doiro*. Así teríamos outra adaptación a unha lingua romance do topónimo gaélico / galaico *Gaoth Dobhair*, derivado de *Gáeth* + *Dobur*, co significado 'esteiro do río'.



Gaia, ou Vilanova de Gaia, no esteiro do río Douro.



Esteiro do Douro.



Aguete, na Ría de Noia e Muros.



A Guía (Monte de), na Ría de Vigo.

### An G(h)aoth – A Guía / Aguete / Aguiño / Os Aguillóns / Os Agullóns de Sagrelos

Antes de chegar á conclusión, lembremos que, como dixen anteriormente, o esteiro de *Gaoth Dobhair* é coñecido como *An Ghaoth*, ‘a ría’. A pronuncia de *Gaoth*, sin lenición do *g* inicial, é /gi:/. Isto explicaría Topónimos galegos como *A Guía*, nome dun monte situado a orelas da ría de Vigo, que, loxicamente, tamén significaría ‘ría’, ‘esteiro’. En gaélico manés, unha lingua moi anglicanizada, ‘ría, estuario’ escríbese *giäu*, unha adaptación de *gaoth*. O topónimo *Aguete*, o nome dunha vila situada na Ría de Pontevedra, tamén sería unha adaptación de *gaoth* ou quizais de *gaoithe*, a forma xenitiva. Sempre co artigo prefixado, *a* en galego e *a’* en gaélico, unha abreviatura do artigo *an* tal como se pronuncia na fala cotiá: *A’ Ghalldachd*, por exemplo, é o nome gaélico das Terras Baixas de Escocia.

E tamén explicaría o topónimo galego *Os Aguillóns*, nome dunha punta da Ría de Ortigueira que parece ser unha adaptación de *gaoth*, ‘ría’, ‘esteiro’, seguido de *oileán*<sup>53</sup>, ‘illa’ en gaélico irlandés e *eilean*, pronunciado /elan/, en gaélico escocés. Así teríamos *Gaoth + Oileán / Gaoth + Eilein > (Os) Aguillóns*. (‘A ría ou o esteiro das illas’)

E o topónimo *Aguiño*, na outra banda da Ría de Arousa. E os *Agullóns de Sagrelos*, no entrada da Ría de Corcubión e Cee.

### An Ghaoth, A ría

En gaélico a pronuncia do dígrafo *gh* inicial diante das letras *a*, *o* e *u*, representa o son da consoante velar sonora /g/ con lenición. Por exemplo, aínda que o son /g/ representa o son do *g* na palabra *gato*, o dígrafo *gh* representa o son velar con lenición que encontramos entre vogais na palabra *lago*. En gaélico irlandés, o contraste entre estes dous sons é fonémico e representa posibles diferencias de significado.

Por exemplo, a forma *gaoth*, con /g/ sen lenición, quere dicir «vento» ou «ría», pero a forma *an ghaoth*, con /g/ con lenición, significa ‘o vento’ ou ‘a ría’. O mesmo fenómeno de lenición dentro dunha frase ocorre tamén no galego. Por exemplo, en paralelo á frase *an ghaoth* en gaélico irlandés, ou *a’ ghaoth* en gaélico escocés, encontramos a frase *a blusa* no galego coa consoante inicial da palabra con lenición no contexto intervocálico.

Do mesmo modo, aínda que a letra *c* representa o son velar xordo /k/ da palabra gaélico irlandesa *cé*, «peirao», «porto», o dígrafo *ch*, que atopamos na frase *an ché*, ‘o peirao’, ‘o porto’, representa o son velar xordo que encontramos nas palabras galegas *ghiso* e *ghedella*, con gheada. Observemos que este último son é moi semellante ó son da consoante inicial da palabra portuguesa *ría*, que ten o mesmo significado que a palabra *gaoth* en Gaélico e que é moi similar na súa pronuncia.



Aguíño, Ribeira, Ría de Arousa.



Os Agullóns de Sagrelós, Ría de Corcubión e Cee.



Os Aguillóns, Ortelgal, Ría de Ortigueira.



Illotes Os Aguillóns, Cabo Ortelgal.

Segundo o DRAE, a palabra *ría*<sup>54</sup> deriva de *río* e este do latín *rivus*. Pero *ría* é un termo que só se dá nas linguas iberorromances e, aínda que sexa unha palabra cotiá, sobre todo en Galicia, a forma feminina de *río* non se usa para designar un brazo de mar ou esteiro en ningunha outra lingua romance. En Italiano dise estuario, en francés dise estuaire, en romanés dise estuar, en inglés dise estuary, inlet ou river mouth...

A miña opinión é que *a' ghaoth* > *a ría* é o produto da evolución vagarosa dunha frase da lingua gaélica / galaica local, tanto no seu sentido como na súa forma, ata outra frase no latín popular entrante nun contexto social bilingüe que se puido estender durante séculos despois da caída do Imperio Romano en Galicia. Sería unha adaptación sociolingüística natural, tendo en conta tódalas explicacións dadas ata agora. De tódolos xeitos, non deixa de ser unha hipótese como calquera outra, un pouco máis traballada, iso si.

### Conclusión

Da raíz protocelta *\*gaytâ*, derivada da raíz indoeuropea *ghai, ghei, ghi*, xorden diversos termos gaélicos con acepcións relacionadas co vento: *gáith, \*gaito-, gaeth, goath*, etc. O feito de coincidiren, tanto nas súas formas fonéticas como nos seus significados, con palabras iberorromances empregadas para designar distintos instrumentos musicais de vento coñecidos como *gaita*, mesmo os que non teñen fol nin parte ningunha feita de pel ou de óso de cabra, indican que é máis que probable que sexa esta a orixe da palabra empregada na Península Ibérica para designar estes instrumentos: *\*gaytâ* > *gaita*.

Da raíz goidélica *gáith*, *gaeth* (\**gaito-*) deriva tamén a palabra gaélica *gaoth*, cos significados «vento» e «ría», que xunto co termo *dobhar*, «auga», «río», forman o topónimo irlandés *Gaoth Dobhair*, «esteiro do río», «ría (do río)». Dado que en tódalas rías galegas existen topónimos como *Guidoiro*, *Gaiteira*, *Catoira*, *Cadoiro*, etc., parece razoable pensar que tamén se trata de termos gaélicos / galaicos empregados para designar esteiros e rías no litoral galego e no norte de Portugal. De feito, a palabra iberorromance *ría*, ou mellor, *a ría*, pode ser unha adaptación do topónimo gaélico *An Ghaoth / A' Ghaoth*, «a ría», literalmente, sobre todo tendo en conta a pronuncia do *r* de *ría* en portugués.

Este proceso de romanización ou adaptación de vocábulos gaélicos / galaicos ocorreu moi de vagar, durante un longo período de tempo, a partir dunha data moito máis próxima cá caída do Imperio Romano e é probable que, nalgunhas zonas concretas e illadas, durase ata a Baixa Idade Media, chegando mesmo a convivir coas linguas iberorromances faladas na Península Ibérica.

## NOTAS

- <sup>1</sup> Véxase acepción de *gaita* en Diccionario de la Real Academia Española.
- <sup>2</sup> Véxase acepción de *gaita-de-beiços* en Dicionário Priberam da Língua Portuguesa
- <sup>3</sup> Ibid., véxase acepción de *gaita*.
- <sup>4</sup> Véxase *gaita* en wikipedia.org
- <sup>5</sup> Ibid., véxase *gaida*.
- <sup>6</sup> Véxase acepción de *goat* en Online Etymology Dictionary.
- <sup>7</sup> Véxase Proto-Germanic \**gaits* en Wiktionay.
- <sup>8</sup> Véxase acepción de *bag* en Online Etymology Dictionary
- <sup>9</sup> Véxase *gaoth* en wiktionary.
- <sup>10</sup> Alonso Estravís, Isaac (1986).
- <sup>11</sup> Véxase acepción de *gautúil* en Ó Dónaill (2007).
- <sup>12</sup> Véxase acepción de *gaiteira* en Rodríguez González (1958-61)
- <sup>13</sup> Véxase acepción de *gaita* en Alonso Estravís (1986).
- <sup>14</sup> Véxase acepción de *gaothaiche* en Am Faclair Beag.
- <sup>15</sup> Ibid., ver *gaothaire*.
- <sup>16</sup> Ibid., ver *gaoithean*.
- <sup>17</sup> Véxase acepción de *alcacén* en Rodríguez González (1958-1961).
- <sup>18</sup> Macbain (1982).
- <sup>19</sup> Véxase acepción de *pibela* en Carré Alvarellos (1979).
- <sup>20</sup> Véxase acepción de *pibela* en Rodríguez González (1958-1961).
- <sup>21</sup> Véxase acepción de *gaota* en Ó Dónaill (2007).
- <sup>22</sup> Véxase acepción de *pipo* en Acevedo y Huelves e Fernández y Fernández (1932).
- <sup>23</sup> Véxase acepción de *pipa* en García González (1985)
- <sup>24</sup> Véxase acepción de *pipa* en Dicionário Priberam da Língua Portuguesa (2008-2013).
- <sup>25</sup> Véxase acepción de *pipelo* en Rivas Quintas (1988).
- <sup>26</sup> Véxase acepción de *pipello* en Acevedo y Huelves e Fernández y Fernández (1932).
- <sup>27</sup> Véxase acepción de *piob-uise* en Am Faclair Beag.
- <sup>28</sup> Ibid., véxase acepción de *pioban*.
- <sup>29</sup> Véxase acepción de *gaotaireacht* en Ó Dónaill (2007).
- <sup>30</sup> Véxase acepción de *gaothmhorachd* en Am Faclair Beag.
- <sup>31</sup> Véxase acepción de *gaiar* en Otero Álvarez (1963).
- <sup>32</sup> Véxase acepción de *gaitar* en Dicionário Priberam da Língua Portuguesa.
- <sup>33</sup> Ibid., véxase acepción de *gaiar*.
- <sup>34</sup> Ibid., véxase acepción de *gaiar*.
- <sup>35</sup> Véxase acepción de *gaoid* en Am Faclair Beag.
- <sup>36</sup> Véxase acepción de *gaét* en eDIL (Electronic Dictionary of the Irish Language).
- <sup>37</sup> Véxase acepción de *gaiteiro* en Carré Alvarellos (1951).
- <sup>38</sup> Véxase acepción de *gaoth* en Ó Dónaill (2007).
- <sup>39</sup> Véxase acepción de *dobhar* en Am Faclair Beag.
- <sup>40</sup> Véxase acepción de *dobhar* en Ó Dónaill (2007).
- <sup>41</sup> Véxase acepción de *cadoiro* en Sarmiento (1762).
- <sup>42</sup> Véxase acepción de *dobur* en eDIL: (Electronic Dictionary of the Irish Language)
- <sup>43</sup> Véxase acepción de *dobhar* en Ó Dónaill (2007)
- <sup>44</sup> Véxase acepción de *dobhar* en MacBain (1982)
- <sup>45</sup> Véxase acepción de *dubieira* en Otero Álvarez (1964).
- <sup>46</sup> Véxase acepción de *doira* en Carré Alvarellos (1951).
- <sup>47</sup> Véxase acepción de *doiro* en Franco Grande (1972).
- <sup>48</sup> Véxase acepción de *doira* en Rivas Quintas (2001).
- <sup>49</sup> Véxase acepción de *duiras* en Franco Grande (1972).
- <sup>50</sup> Véxase *doiro* en Michaëlis de Vasconcelos (1920).
- <sup>51</sup> Véxase *doiro* en Mettmann (1972).
- <sup>52</sup> Véxase acepción de *doirar* en Filgueira Valverde et al. (1926).
- <sup>53</sup> Véxase acepción de *oileán* en Ó Dónaill (2007)
- <sup>54</sup> Véxase acepción de *ría* en Diccionario de la Real Academia Española.



## BIBLIOGRAFÍA E FONTES ELECTRÓNICAS

- ACEVEDO y HUELVES, Bernardo y FERNÁNDEZ y FERNÁNDEZ, Marcelino (1932). *Vocabulario del bable de occidente*. Madrid: S. Aguirre, impresor.  
[http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd\\_pescuda.php?lang=gl&pescuda=pipo&tipo\\_busca=lema](http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd_pescuda.php?lang=gl&pescuda=pipo&tipo_busca=lema)  
[http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd\\_pescuda.php?lang=gl&pescuda=pipello&tipo\\_busca=lema](http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd_pescuda.php?lang=gl&pescuda=pipello&tipo_busca=lema)
- ALONSO ESTRAVÍS, Isaac. (1986). *Dicionário da Língua Galega*. Madrid: Alhena Ediciones, S. A. *Am Faclair Beag. A New English / Scottish Gaelic Dictionary Incorporating Dwelly and Faclair nan Gnàthasan-cainnte by Cairnwater Consulting and Akerbeltz*.  
<https://www.faclair.com/>
- CARRÉ ALVARELLOS, Leandro (1951). *Diccionario galego-castelán* (3ª ed.). A Coruña: Imprenta Roel.  
[http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd\\_pescuda.php?lang=gl&pescuda=gaitero&tipo\\_busca=lema](http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd_pescuda.php?lang=gl&pescuda=gaitero&tipo_busca=lema)  
[http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd\\_pescuda.php?lang=gl&pescuda=doira&tipo\\_busca=lema](http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd_pescuda.php?lang=gl&pescuda=doira&tipo_busca=lema)
- CARRÉ ALVARELLOS, Leandro (1979). *Diccionario galego-castelán e Vocabulario castelán-galego*. A Coruña: Moret.  
[http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd\\_pescuda.php?lang=gl&pescuda=pibela&tipo\\_busca=lema](http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd_pescuda.php?lang=gl&pescuda=pibela&tipo_busca=lema)
- Dicionário Priberam da Língua Portuguesa, 2008-2013*.  
<https://dicionario.priberam.org/>
- Diccionario de la Lengua Española (DRAE)*.  
<https://dle.rae.es/>
- eDIL (Electronic Dictionary of the Irish Language).  
<http://www.dil.ie/index.php>
- FILGUEIRA VALVERDE, X., TOBÍO FERNANDES, L., MAGARIÑOS NEGREIRA, A. e CORDAL CARÚS, X. (1926-28). *Vocabulario popular galego-castelán*. Vigo: El Pueblo Gallego.  
[http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd\\_pescuda.php?lang=gl&pescuda=doirar&tipo\\_busca=lema](http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd_pescuda.php?lang=gl&pescuda=doirar&tipo_busca=lema)
- FRANCO GRANDE, X. L. (1972). *Diccionario galego-castelán* (2ª ed.). Vigo: Galaxia.  
[http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd\\_pescuda.php?lang=gl&pescuda=doiro&tipo\\_busca=lema](http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd_pescuda.php?lang=gl&pescuda=doiro&tipo_busca=lema)  
[http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd\\_pescuda.php?lang=gl&pescuda=duiras&tipo\\_busca=lema](http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd_pescuda.php?lang=gl&pescuda=duiras&tipo_busca=lema)
- GARCÍA GONZÁLEZ, Constantino (1985). *Glosario de voces galegas de hoxe*. Santiago: Universidade de Santiago.  
[http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd\\_pescuda.php?lang=gl&pescuda=pipa&tipo\\_busca=lema](http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd_pescuda.php?lang=gl&pescuda=pipa&tipo_busca=lema)
- MACBAIN, Alexander (1982). *An Etymological Dictionary of the Gaelic Language*. Glasgow: Gairm Publications.  
[https://en.wikisource.org/wiki/An\\_Etymological\\_Dictionary\\_of\\_the\\_Gaelic\\_Language/P](https://en.wikisource.org/wiki/An_Etymological_Dictionary_of_the_Gaelic_Language/P)  
[https://en.wikisource.org/wiki/An\\_Etymological\\_Dictionary\\_of\\_the\\_Gaelic\\_Language/D](https://en.wikisource.org/wiki/An_Etymological_Dictionary_of_the_Gaelic_Language/D)
- METTMANN, W. (1972). *Cantigas de Santa María de Afonso X, o Sábio* (Vol. IV) (*Glossário*). Coimbra: Universidade de Coimbra.  
[http://sli.uvigo.gal/DDGM/ddd\\_pescuda.php?pescuda=Doiro&tipo\\_busca=lema](http://sli.uvigo.gal/DDGM/ddd_pescuda.php?pescuda=Doiro&tipo_busca=lema)
- MICHAËLIS DE VASCONCELOS, Carolina (1920). *Glossário do Cancioneiro da Ajuda, Revista Lusitana* 23, pp. 1-95.  
[http://sli.uvigo.gal/DDGM/ddd\\_pescuda.php?pescuda=Doiro&tipo\\_busca=lema](http://sli.uvigo.gal/DDGM/ddd_pescuda.php?pescuda=Doiro&tipo_busca=lema)
- Ó DÓNAILL, Niall (ed.) (2007). *Foclóir Gaeilge-Béarla*. Dublin: An Gúm.  
<https://www.teanglann.ie/en/>  
 Online Etymology Dictionary  
<https://www.etymonline.com/>  
<https://www.etymonline.com/search?q=goat>
- OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1963). Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués. *Cuadernos de Estudios Gallegos* LIV, pp. 16-34.  
[http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd\\_pescuda.php?lang=gl&pescuda=gaiar&tipo\\_busca=lema](http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd_pescuda.php?lang=gl&pescuda=gaiar&tipo_busca=lema)
- OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1964). Contribución al léxico gallego y asturiano, *Archivum* (Oviedo) XIV, pp. 233-249  
[http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd\\_pescuda.php?lang=gl&pescuda=dubieira&tipo\\_busca=lema](http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd_pescuda.php?lang=gl&pescuda=dubieira&tipo_busca=lema)
- KROONEN, Guus (2013), «\*gait-», en *Etymological Dictionary of Proto-Germanic* (Leiden Indo-European Etymological Dictionary Series; 11), Leiden, Boston: Brill, ISBN, page 163 <https://en.wiktionary.org/wiki/Reconstruction:Proto-Germanic/gaits>  
[https://www.bulgari-istoria-2010.com/Rechnici/A\\_Lyubotski\\_Proto\\_Germanik\\_dict.pdf](https://www.bulgari-istoria-2010.com/Rechnici/A_Lyubotski_Proto_Germanik_dict.pdf)

RIVAS QUINTAS, Eligio (1988). *Frapas II, contribución al diccionario gallego*. Lugo: Alvarellos.

[http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd\\_pescuda.php?lang=gl&pescuda=pipelo&tipo\\_busca=lema](http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd_pescuda.php?lang=gl&pescuda=pipelo&tipo_busca=lema)

RIVAS QUINTAS, Eligio (2001). *Frapas III*, en *Diccionario de Dicionarios*. <http://sli.uvigo.gal/DdD/>

[http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd\\_pescuda.php?lang=gl&pescuda=doira&tipo\\_busca=lema](http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd_pescuda.php?lang=gl&pescuda=doira&tipo_busca=lema)

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958-61). *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Galaxia.

[http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd\\_pescuda.php?lang=gl&pescuda=gaiteira&tipo\\_busca=lema](http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd_pescuda.php?lang=gl&pescuda=gaiteira&tipo_busca=lema)

[http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd\\_pescuda.php?lang=gl&pescuda=alcac%C3%A9n&tipo\\_busca=lema](http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd_pescuda.php?lang=gl&pescuda=alcac%C3%A9n&tipo_busca=lema)

[http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd\\_pescuda.php?lang=gl&pescuda=pibela&tipo\\_busca=lema](http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd_pescuda.php?lang=gl&pescuda=pibela&tipo_busca=lema)

SARMIENTO, Martín (1762): *Obra de 660 pliegos*, edición do Consello da Cultura Galega.

[http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd\\_pescuda.php?lang=gl&pescuda=cadoiro&tipo\\_busca=lema](http://sli.uvigo.gal/DdD/ddd_pescuda.php?lang=gl&pescuda=cadoiro&tipo_busca=lema)

Wikipedia: <https://es.wikipedia.org/>

Wiktionary

<https://en.wiktionary.org/wiki/gaoth>

<https://en.wiktionary.org/wiki/Reconstruction:Proto-Germanic/gaits>



Anxo gaiteiro no Paraíso da ábsida de San Francisco de Betanzos (s. XIV). Foto: Alfredo Erias.